



NOVIDADES CON RESPECTO AO INFORME DO ANO ANTERIOR

III. NOVIDADES CON RESPECTO AO INFORME DO ANO ANTERIOR

Como xa se adiantou, para levar a cabo a análise da contribución dos orzamentos á consecución dos ODS identificáronse as políticas de gasto coas prioridades de actuación que recolle o novo Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030, aprobado recentemente no Parlamento de Galicia, o 14 de setembro de 2022.

Este novo PEG ten unha estrutura moi similar ao anterior, identificando eixes de carácter transversal, prioridades de actuación e obxectivos estratéxicos.

Táboa 1. Estructura novo Plan Estratéxico de Galicia 22-30.

Prioridades de actuación	
Eixe 1	1.1. Acadar un nivel de emprego elevado e de calidade, que garanta o equilibrio entre a vida profesional e a privada 1.2. Mellorar a atención ao benestar e á calidade de vida das familias 1.3. Mellorar o acceso á vivenda e as súas condicións de habitabilidade 1.4. Fortalecer unha asistencia sanitaria accesible e de calidade
Eixe 2	2.1. Fomentar dunha economía baixa en carbono baseada en fontes de enerxía máis limpas e menos agresivas co medio ambiente, dando prioridade as fontes de enerxía renovables. Potenciar a eficiencia enerxética en todos os sectores: público, industrial e doméstico 2.2. Garantir unha mobilidade sustentable 2.3. Garantir unha resposta integral ás necesidades da cidadanía en materia de emerxencias, incluídos os efectos do cambio climático, e aumentar a resiliencia fronte aos riscos relacionados co clima e os desastres naturais 2.4. Impulsar un modelo de crecemento sostible que aproveite as potencialidades do medio, dando prioridade á xestión eficiente e do ciclo da auga, á economía circular e a protección do patrimonio natural
Eixe 3	3.1. Mellorar as capacidades de investigación e innovación e a adopción de tecnoloxías avanzadas 3.2. Impulsar unha transformación dixital inclusiva e sostible 3.3. Impulsar o crecemento e competitividade das PEMES, a transición industrial e o emprendemento 3.4. Promover as infraestruturas produtivas e as de rede 3.5. Aproveitar as potencialidades de Galicia cara a un sector primario moderno e competitivo 3.6. Fomentar o turismo sustentable e de calidade
Eixe 4	4.1. Promover unha educación inclusiva e de calidade 4.2. Facer que o crecemento chegue a toda a cidadanía, en particular ás persoas máis desfavorecidas e apoiar a integración socioeconómica da poboación retornada e inmigrante 4.3. Potenciar a cultura e a lingua galega como elementos clave para construír unha sociedade inclusiva e cohesionada e que contribúa á calidade de vida da cidadanía 4.4. Impulsar a cohesión territorial e desenvolver os servizos no territorio baixo o concepto de cidade única
Eixe 5	5.1. Unha boa administración, que avance na prestación de servizos e xeración de valor engadido á cidadanía, baseada na planificación e a avaliación das políticas públicas. Empregando procedementos sinxelos, accesibles e áxiles que redunden nunha atención eficiente e de calidade 5.2. Unhas finanzas sustentables para un crecemento sano 5.3. Reforzo do autogoberno e coordinación interadministrativa

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

